

Nais e pais reclaman, por escrito, o dereito dos seus fillos a recibir atención educativa específica

O pasado 18 de decembro celebrouse unha reunión da ANPA coas nais e pais das nenas e nenos en situación NAEE, na que tamén estivo presente a Dirección do Colexio e responsables do equipo de orientación.

O que di a lei (Lei Orgánica 2/2006 de Educación):

O alumnado con **NAEE (necesidades de atención educativa específica)** precisa unha atención educativa diferente á ordinaria, por varios motivos:

- ✓ por presentar necesidades educativas especiais debido a discapacidades ou trastornos graves de conduta
- ✓ por dificultades específicas de aprendizaxe
- ✓ polas súas altas capacidades intelectuais
- ✓ por haberse incorporado tarde ao sistema educativo
- ✓ por condicións persoais ou de historia escolar

Para que este alumnado poida acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado, as Administracións públicas teñen que desenvolver por lei accións de carácter compensatorio que eviten as desigualdades, dotando dos recursos e apoios necesarios para tal fin.

Esta atención educativa específica é insuficiente no Vales Villamarín por falta de profesores de apoio, como ben explicou o director do colexio e a orientadora ás nais e pais reunidos.

Ante esta situación tomouse a decisión de facer unha reclamación a nivel individual á Xefatura Territorial de Educación reclamando o profesorado de apoio necesario para que os seus fillos e fillas reciban a atención educativa que lles garante a lei

A todos aqueles pais e nais implicados que non puideron asistir a dita reunión faráselles chegar o escrito de reclamación, por se considerasen oportuno firmalo. A ANPA encargárase de realizar as xestións para envialos á Xefatura Territorial de Educación.

Actividades extraescolares

A presenza dos pais/nais nas actividades extraescolares organizadas pola ADC, ven sendo, ano tras ano motivo de debate dentro da xunta directiva e unha queixa constante dos monitores (en xeral), que ven como a presenza dos pais/nais interfere no desenvolvemento das actividades.

A falta dun lugar adecuado onde os pais poidan esperar polos seus fillos e a vontade dos pais por ver actuar aos seus fillos fixo que as diferentes xuntas directivas fosen permisivas coa súa presenza dentro das instalacións. Sen embargo, é bastante constatable que a presenza dos adultos interfere negativamente na labor dos monitores.

Queremos facer un chamamento a tódolos adultos, para que na medida do posible non estean nas instalacións deportivas mentres se levan a cabo as actividades e así mellorar o desenvolvemento destas.

Confiamos na vosa colaboración para mellorar a calidade das nosas actividades e Moitas grazas.

Pago 2º prazo actividades extraescolares ADC Vales Villamarín

Informamos aos pais/nais, que optaran por facer o pago das actividades fraccionado, que o próximo día 20 de xaneiro, remata o prazo para proceder ao pago da 2º cota (30€ por cada actividade)

Visita da Xefa Territorial de Educación da Xunta



Coincidindo co día que estiveron pechados os colexios, por mor do temporal, o mércores 16 de decembro visitou o noso centro escolar a Xefa Territorial de Educación, Teresa Villaverde, acompañada do Inspector de Educación, dun técnico da Consellería e de diversos membros do goberno municipal, entre os que se atopaban a alcaldesa, María Faraldo, e o concelleiro de educación, Pedro Gómez.

A ANPA aproveitou a visita para trasladarlle de primeira man a súa preocupación, non só polas carencias das instalacións, senón tamén pola falta de profesorado de apoio para o alumnado con necesidades de atención educativa específica, xa que a estas alturas do curso están sen recibir a atención necesaria uns 70 alumnos e alumnas. Despois de xustificacións varias, non se concretou solución algunha para este curso, polo que comunicóuselle, á Xefa Territorial, que a ANPA ía ser inflexible nesta reivindicación, mentres non se dotara ao centro cos recursos humanos necesarios para levar a cabo un ensino de calidade propio de século XXI.



Imaxe das paredes exteriores do patio cuberto

(continúa no reverso desta columna)

Visita da Xefa Territorial de Educación da Xunta

(ven do reverso desta columna)

No que se refire as infraestruturas, os compromisos anunciados foron, a todas luces, insuficientes, dada as enormes carencias do centro. Por parte da Xefatura Territorial, unicamente, se comprometeron a substituír unha porta traseira do edificio por unha porta de emerxencia homologada, así como a pintar patio cuberto no verán (paredes e armazón da cuberta).

Mentres que o Concello encargárase da limpeza da cuberta con auga a presión, para aumentar a luminosidade do local.

Dicir que esta solución é, polo menos, de dubidosa aplicación, debido ao mal estado no que se atopan as uralitas, tal e como podedes apreciar na foto de abaixo.



Dende a ANPA, consideramos que coa masificación deste colexio a Xunta ten aforrado o suficiente como para implicarse mais con Betanzos, e así se lle fixo saber aos responsables da Xunta, a quenes se lles pediu unha sensibilidade especial á hora de establecer o catálogo de profesorado e de mellorar as infraestruturas do centro.



O Colexio en Internet

CEIP Francisco Vales Villamarín

ceip.vales.villamarin@edu.xunta.es

<http://centros.edu.xunta.es/valesvillamarin/>

A través da páxina web do colexio podes acceder a un montón de información de interese para nolas nais/pais.

Biblioteca

Ed. Física

Medio Ambiente

Normalización Lingüística

Zona de descarga

GRIPÉ A
H1N1 Nos centros educativos

Tamén aos datos xerais do PEC (Proxecto Educativo do Centro), que é o documento base onde se regula o funcionamento do centro:

Datos xerais
Instalacións
Funcionamento
Principio de Identidade
Liña metodolóxica
Oferta educativa
Organigrama

Teredes acceso tamén á moitas das actividades desenvolvidas polas vosas fillas/fillos ao longo do curso, fotos ou vídeos incluídos e mesmo teredes información sobre o tempo en Betanzos

Se podedes non deixedes de visitar esta páxina



Anímate a facernos suxestións ou queixas a través do noso enderezo electrónico e-mail: anpabrigantium@gmail.com

Visita o noso Blog:
<http://anpabrigantium.blogaliza.org/>

